



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 23 de abril de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

4.- RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA DE DENEGACIÓN AXUDAS – «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2019-2020»). EXPTE. 185696/301.

Visto o informe de fiscalización do 20/04/20, dáse conta do informe-proposta do 14/04/2020, asinado pola diplomada en Traballo Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 30.05.2019, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2^a ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2019-2020», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 185696/301).

I.2. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2019 consignárase unha cantidade por importe de 1.200.000 € destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais (aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*”), realizándose posteriormente unha ampliación orzamentaria para as axudas de comedor.

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 107, do 06.06.2019 e o extracto da convocatoria no BOP nº 125 do 02.07.2019.

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.903 alumnos solicitaron libros e material escolar e 4.102 comedor, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 1 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 31.10.2019).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 15.11.2019 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

PRIMEIRO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2019-2020:

1.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.294 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 109.990,00 € (= 1.294 x 85€)realizarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 201900037258 e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I concedida, que comeza co expediente núm. 3605713004420 e remata co núm. 3605716003912.

1.2.CONCEDER a incorporación a lista de agarda aos 51 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, e que serán concedidas a medida que exista crédito orzamentario.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605723003989 e remata co núm. 3605716004158.

1.3. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 558 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605702003489 e remata co núm. 3605715004890, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

SEGUNDO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2019-2020:

2.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.152 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e base 6ª), que se pagarán con cargo á aplicación orzamentaria e a súa bolsa de vinculación 2310.481000 (72.827,58€), RC 201900037259 (375.780,80€) e RC 20190006044 (37.304,42€).

Para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor 2020 (xaneiro-xuño) existe crédito de 728.868,80€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 201900037260 (719.219,20€) que se propón ampliar en 9.649,60€.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 2 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II concedida, que comeza co expediente nº 3605714004299 e remata co nº 3605721004083.

2.2. CONCEDER a incorporación a lista de espera aos 38 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, e que serán concedidas a medida que exista crédito orzamentario.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605702003680 e remata co núm. 3605704003301.

2.3. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 912 alumnas/os que figuran no Anexo II denegada, que comeza co expediente núm. 3605716003696 e remata co nº 3605715004890 por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

TERCEIRO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

1.8. Contra aquel acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 3 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 15.11.2019, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración, propón DESESTIMAR expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36065047-N (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 53188566-P (nº 26), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos e ESTIMAR os relacionados no ANEXO II, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º AV493708 (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36175634S (nº 21), polas razóns que en cada caso se indican.

III.6. O 08.04.2020 emitiuse informe de fiscalización favorable por parte da Intervención xeral municipal, indicando tamén que: «*Considerando a declaración do estado de alarma efectuada polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e ante a suspensión de prazos prevista no Real Decreto 463/2020, modificado polo Real Decreto 465/2020 debe terse en conta que para continuación do expediente máis alá da estricta tramitación interna, é precisa resolución motivada á que se refire a D.A . 3 do RD 463/2020 de 14 de marzo...*».



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 4 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Loxicamente, tendo en conta a data da proposta do Servizo de Benestar Social, asinada os días 12 e 13 de marzo que foi obxecto de fiscalización o 08.04.2020, anterior polo tanto á suspensión de trámites e prazos acordada polo RD.463/2020, do 14 de marzo e disposicións concordantes, tal motivación non puido incluírse naquela proposta á XGL (trámite nº 259 do Exp. nº 185696/301).

III.7. En consecuencia, complétase agora aquela proposta informando que, agás mellor criterio en contra, pola materia obxecto deste expediente (resolución de recursos de reposición relativos a axudas escolares municipais de libros, material escolar e bolsas de comedor), a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4). No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración (Acta do 26.02.2019), propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a resolución dos recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 15.11.2019, polo que se resolveu a convocatoria de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2019-2020», por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación coa protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais.

SEGUNDO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 08.11.2018 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «Bases reguladoras para a concesión de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2019-2020» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta. O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36065047-N (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53188566-P (nº 26).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 5 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I- DESESTIMADOS

	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO
1	36065047N	190179945	11/18/19	f
2	Y5238918S	190185171	11/25/19	e
3	36159807N	190189508	11/29/19	f
4	Y3920447L	190182273	11/20/19	f
5	36164953Y	190184029	11/22/19	f
6	36030752X	190189075	11/29/19	f
7	36096035L	190190086	12/02/19	f
8	76705516X	190181675	11/19/19	f
9	36102274W	190181286	11/19/19	f
10	5318100D	190186212	11/26/19	f
11	36162750B	190187927	11/28/19	f
12	36143316N	190194104	12/10/19	f
13	32681280M	190188182	11/29/19	f
14	36136190Q	190182270	11/20/19	f
15	36137756H	190181242	11/19/19	f
16	36146306N	190185834	11/26/19	f
17	36099620Q	190189505	11/29/19	f
18	36150173S	190180242	11/18/19	f
19	36077504A	190191018	12/03/19	f
20	36137448D	190181684	19/11/19	f
21	36164418T	190179825	11/18/19	f
22	36139232E	190181026	11/19/19	f
23	36082577Q	190189068	11/29/19	f
24	Y364727W	190181702	11/19/19	d
25	77002237P	190194951	12/10/19	f
26	53188566P	200007164	01/17/20	f

Requisito incumprido (Base 6ª):

- (a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroadada no Concello de Vigo.
- (d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- (e) Que a solicitude e o resto da documentación necesaria estea presentada durante os prazos estipulados.
- (f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 6 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

(g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

TERCEIRO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º AV493708 (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36175634S (nº 21). O gasto que comportaría a estimación dos recursos de becas de comedor financiase con cargo ás baixas producidas neste Programa de axudas. O gasto que comporta a estimación dos recursos de becas de libros e material escolar (850,00€) aboarase con cargo a aplicación orzamentaria.

	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
1	AV493708	190182585	11/20/19	1	0.00 €	41.00 €
2	53186153X	190192010	12/04/19	1	85.00 €	41.00 €
3	34628149Q	190180360	11/18/19	2	85.00 €	0.00 €
4	36150249E	190180438	11/18/19	4	0.00 €	41.00 €
5	03128010X	190184732	11/22/19	1	0.00 €	41.00 €
6	76902319W	190180088	11/18/19	1	85.00 €	0.00 €
7	52498447G	190185289	25//11/19	1	85.00 €	0.00 €
8	36116100M	190180928	11/19/19	1	0.00 €	82.00 €
9	53193314H	190194144	12/10/19	1	0.00 €	41.00 €
10	44448989S	200004570	01/13/19	1	85.00 €	0.00 €
11	36164332Y	190181963	11/20/19	1	0.00 €	82.00 €
12	Y2145119S	190190584	12/02/19	1	85.00 €	0.00 €
13	36169490N	190181228	11/19/19	1	85.00 €	0.00 €
14	36149303L	190183165	11/21/19	1	0.00 €	41.00 €
15	Y6629587N	190181155	11/19/19	1	85.00 €	0.00 €
16	01845025B	200010623	01/22/20	1	0.00 €	82.00 €
17	36172528Z	190198779	01/08/20	1	0.00 €	41.00 €
18	77402770L	190193923	12/10/19	1	0.00 €	41.00 €
19	54920435T	190182269	11/20/19	1	85.00 €	0.00 €
20	54304930K	190181652	11/29/19	1	0.00 €	41.00 €
21	36175634S	190188776	11/29/19	1	85.00 €	41.00 €
TOTAL					850.00 €	615,00 €

- (1) Corrección de erro material.
- (2) Presenta certificado de discapacidade con validez en período ordinario.
- (3) Deterioro situación económica.
- (4) Presenta sentenza de violencia de xénero con validez en período ordinario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 7 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO: Aprobar o gasto de 850,00€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*” dos orzamentos de 2020, para realizar o pagamento das seguintes axudas de libros e material escolar incluídas no Anexo II .

QUINTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:35	Páxina 8 de 8
SUBVENCIONS	CSV: A7AB46-C2DE21-53A78F-J68DJD-MGYQ7E-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>